



CIRCULAR DE FIN DE CURSO

Ante a proximidade do **fin de curso 2014-2015**, infórmase aos pais e nais do alumnado deste Centro das seguintes cuestións:

1. Asistencia do alumnado e entrega de cualificacións

O alumnado asistirá ao Colexio ata o **próximo día 19, inclusive**, en horario habitual de 09'00 a 14'00 horas. Os **informes ás familias** coas cualificacións finais entregaranse o **día 19 de Xuño**, ao final da sesión lectiva.

2. Entrevistas de pais/nais co profesorado

As pais/nais que desexen ter unha entrevista de final de curso co profesorado do Centro, poderán facelo o día 23 de Xuño de 10'00 a 11'00 horas. Despois de dito día, **só se recibirán visitas que estean plenamente xustificadas e con previa petición de hora**.

De acordo coa **Orde do 23 de novembro de 2007** pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, **as nais e pais do alumnado de 6º curso** deberán acudir ao Centro, o día 26 de 10:00 a 11:00 h, para retirar o **Historial Académico** dos seus fillos/as, asinando o recibín correspondente. Caso de non poder asistir nese día, poderán retirar ditos documentos ata o día 30 de xuño na Conserxería do Centro.

3. Libros de texto

O **listado de libros de texto** para o curso escolar 2015-2016 estará exposto no taboleiro de anuncios do Colexio a partir do 15 de xuño. Respecto ao programas de **Gratuidade Solidaria**, recordar que deberemos estar ao disposto na O. 22 de maio de 20015 (Doga do 1 de xuño) e en canto a Orde que regula o fondo solidario será ó disposto na O. de 21 de maio de 2015 (DOGA do 1 de xuño). A este respecto rógase que as familias realicen a **entrega de documentación antes do día 1 de xullo**. Ademáis nesa data os centros están sin servizo conserxería.

4. Comedor Escolar e Programa de Madrugadores

No próximo curso seguirán a funcionar os servizos de Comedor Escolar e o Programa Madrugadores, ámbolos dous ao cargo da ANPA e cun réxime organizativo similar ao que están a ter na actualidade. Para coñecer os prazos de solicitudes deberán dirixirse a ANPA

5. Comezo do próximo curso escolar

Tendo en conta a Orde de 8 de xuño polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2015/2016, nos centros docentes sostidos con fondos públicos as clases darán comezo o día 10 do vindeiro mes de setembro, en horario de 9'00 a 14 horas. O Colexio estará aberto a efectos administrativos a partir do día 1 de dito mes.

O alumnado de educación infantil de tres anos incorporaranse segundo o período de adaptación que se expoñerá na primeira semana de setembro no taboleiro de anuncios do Centro, e seguindo as instrucións dadas na reunión celebrada o pasado día 9.

Os membros do Claustro de Profesorado e Consello Escolar aproveitan este final de curso para agradecer ás familias a colaboración no desenvolvemento do curso escolar 2014-2015 e despíden especialmente ao alumnado de 6º curso que promociona cara o Instituto no vindeiro curso.

A Coruña, 15 de xuño de 2015

A DIRECCION DO CENTRO